



Código do documento	Código do expediente
USG131010T	USG/2019/252
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5O3N 0Z39 4K70 4N3G 0TP2	

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 19 DE DECEMBRO DE 2019.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as dez horas e quince minutos do día dezanove de decembro de dous mil dezanove, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

### Polo Grupo Político PSdeG-PSOE:

D<sup>a</sup>. MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL  
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS  
D<sup>a</sup>. MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES  
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE  
D<sup>a</sup>. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA  
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA  
D<sup>a</sup>. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ  
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ  
D<sup>a</sup>. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ (que se incorpora á sesión no momento que se expresa na presente acta)  
D. CARLOS LIÑARES GESTAL  
D<sup>a</sup>. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ

### Polo Grupo Político Popular:

D<sup>a</sup>. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU  
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

### Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO  
D<sup>a</sup>. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA  
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

### Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D<sup>a</sup>. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA  
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA  
D<sup>a</sup>. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro don Alfonso Rico Vereá.

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro, e da fe do acto a secretaria xeral do Concello, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

Código do documento <b>USG13I01OT</b>	Código do expediente <b>USG/2019/252</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)  <b>503N 0Z39 4K70 4N3G 0TP2</b>	

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE DATAS 31/10/2019, 21/11/2019 E 28/11/2019**

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, de 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación as actas das sesións celebradas en datas 31/10/2019, 21/11/2019 e 28/11/2019, das que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas das sesións celebradas en datas 31/10/2019, 21/11/2019 e 28/11/2019, sendo aprobadas por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes presentes na sesión.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas das sesións celebradas en datas 31/10/2019, 21/11/2019 e 28/11/2019.

**“2.- PROPOSTA RELATIVA Á PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2020.**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data once de decembro de dous mil dezanove, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade cidadá e Persoal na sesión extraordinaria de data dezaseis de decembro de dous mil dezanove, que transcrita di:

“O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión vinte e cinco de outubro de dos mil dezanove, acordou a aprobación das bases reguladas do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS POS+ 2020) no que a este Concello lle corresponden 964.904,84 €

Achega provincial 2020	447.699,49 €
Achega provincial 2019	108.347,37 €
Préstamo provincial 2020	408.857,98 €

En base a todo o cal, proponse ao Pleno, a adopción do seguinte

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0	0	0
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	7.829,30 €	0	7.829,30 €
<b>Subtotal pago a provedores</b>	<b>7.829,30 €</b>	<b>0</b>	<b>7.829,30 €</b>

Código do documento <b>USG13I01OT</b>	Código do expediente <b>USG/2019/252</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>5O3N 0Z39 4K70 4N3G 0TP2</b>	

**B ) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	439.870,19 €
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	0,00 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>439.870,19 €</b>

**C ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2020 Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>	0	0	0

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles) Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Renovación do parque infantil da praza Europa	108.347,37 €	46.606,98 €	154.954,35 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2019</b>	<b>108.347,37 €</b>	<b>46.606,98 €</b>	<b>154.954,35 €</b>

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2020</b>	0	0	0

O proxecto de obra denominado "Renovación do parque infantil da praza Europa" e que se relaciona nesta táboas, foi aprobado por resolución da alcaldía núm. 820/2019, de 24 de maio de 2019.

**D) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		<b>0</b>

**E) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	Achega 2019	0	0	0
	Achega 2020	7.829,30 €	0	7.829,30 €
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	Achega 2020	439.870,19 €	0	439.870,19 €

Código do documento <b>USG13I01OT</b>	Código do expediente <b>USG/2019/252</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>5O3N 0Z39 4K70 4N3G 0TP2</b>	

	<b>Achega 2019 (Excep. Base 2.2)</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
<b>C- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2020</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
	<b>Achega 2019</b>	<b>108.347,37 €</b>	<b>46.606,98 €</b>	<b>154.954,35 €</b>
	<b>Préstamo 2020</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
	<b>Préstamo 2020</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
<b>D- REDUCCIÓN DÉBEDA</b>	<b>Préstamo 2020</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2020</b>	<b>447.699,49 €</b>	<b>0</b>	<b>447.699,49 €</b>
	<b>Achega 2019</b>	<b>108.347,37 €</b>	<b>46.606,98 €</b>	<b>154.954,35 €</b>
	<b>Préstamo 2020</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
	<b>TOTAL</b>	<b>556.046,86 €</b>	<b>46.606,98 €</b>	<b>602.653,84 €</b>

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

C.I.F. P-1503100-H

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
Cubierta pista polideportiva en Ledoño-Culleredo-A Coruña	290.000,00 €
Reparación y adecuación del carril bici en el paseo marítimo	238.266,30 €
<b>TOTAIS</b>	<b>528.266,30 €</b>

3.- Declarar que o concello comprométese a realizar cantas actuacións sexan necesarias para ter a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que se compromete a obter todas as concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



Código do documento <b>USG13I01OT</b>	Código do expediente <b>USG/2019/252</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)  <b>5O3N 0Z39 4K70 4N3G 0TP2</b>	

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Iniciada a quenda de intervencións fai uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente e fai unha presentación da proposta presentada.

(neste momento incorpórase á sesión a Sra. Concelleira dona María Penélope López Díaz)

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que se ve na proposta que de 600.000 euros, o Concello pide para gastos correntes 439.000 euros e que, se ben é certo que houbo unha reforma do que antes era o POS para habilitar a posibilidade de pedir para gastos correntes, el pensa que o espírito sempre é que se financien investimentos, non entendendo nin parecéndolle moi agradable que a maior parte do que se está pedindo sexa para gastos correntes pois o orzamento municipal é unha planificación do que se quere facer, o primeiro paso para dicir como se quere construír e que se quere facer no correspondente exercicio, e se se mete todo nunha bolsa mal se planifica, e se mal se planifica, mal se pode medrar para ir desenvolvendo un modelo de Concellos, motivo este polo que o seu grupo vaise abster na votación deste punto.

Intervén a continuación o Sr. alcalde-presidente e di que o recollido na proposta non responde a ningún capricho nin é cuestión de meter todo nun saco senón que os servizos técnicos municipais aconsellaron desta forma pois se se destinan os cartos solicitados a gasto corrente cando se elabore o presuposto municipal estes cartos afórranse; que ademais, as obras que o equipo de goberno ten proxectadas tardarían bastante no tempo porque as obras financeiramente sostibles teñen que cumprir uns requisitos e os controis da Deputación provincial que fan que a contratación delas se demore bastante, motivo polo que se destinan estes 439.000 euros a gasto corrente para ter dispoñibilidade do presuposto municipal para adicalo a investimento e poder licitar as obras con maior antelación e non quedar supeditados aos meses de abril, maio ou xuño, como ocorre non só neste concello senón en moitos outros, pois as demoras nas licitacións das obras do POS son bastante considerables, dándose o caso de concellos que incluso anulan os investimentos previstos polas demoras do POS para poder facelas con investimento propio con maior celeridade.

De seguido solicita novamente o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que os requisitos que esixe a Deputación son os mesmos que ten que cumprir o Concello cando se licitan as obras e que o que parece deducirse das palabras do Sr. alcalde é que o Concello non é capaz de realizar proxectos que cumpran con todos os requisitos legais e entón evítanse.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde-Presidente e di que a interpretación feita polo Sr. Chouciño Garrido lle parece un tanto torticera pois el non falou en ningún momento de ilegalidades senón soamente de adiantar prazos e de cumprir co regulamento pois desta forma no primeiro semestre se poden ter feitas obras e da outra forma habería que esperar ata o segundo semestre.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que a súa intervención vai un pouco na mesma liña do Sr. Chouciño pois lles sorprende e preocupa que se use un POS, que é un plan de obras e servizos, para financiamento de gastos correntes, e solicita información sobre que gastos correntes se van financiar con este diñeiro pois hai problemas suficientes e investimentos que facer poñendo por exemplo o abastecemento de auga porque a fin de semana outra vez a auga non estaba en condicións (exhibindo unha botella cun líquido) e non endende que se adiquen os cartos do POS a gasto corrente preguntando ao Sr. Alcalde se non pensa que vai recaudar o que cre no presuposto municipal e por iso quere financiar o gasto corrente con estes cartos.



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I01OT</b>	<b>USG/2019/252</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
5O3N 0Z39 4K70 4N3G 0TP2	

De seguido fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que lle resulta moi difícil responder a uns argumentos tan pouco sólidos como os referidos pola Sra. García Gorostizu e que gasto corrente, como o seu propio nome indica, é o gasto do día a día do Concello, imprevistos, papel, etc e que ten pensado solicitar á Xunta de Galicia que cofinancie o abastecemento da auga.

A continuación solicita novamente o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que lle parece estupendo que a Xunta colabore ante un deber que é exclusivo do Concello.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 11 de decembro de 2019, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (doce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández,

Votos en contra: ningún

Abstencións: 8 (oito) dos sres/as: García Gorostizu, Prieto García. Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 11 de decembro de 2019, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos."

C.I.F. P-1503100-H

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e vinte e catro minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace,  
O Alcalde-Presidente  
(asinado dixitalmente)

(asinado dixitalmente)

RIOBOO CASTRO, JOSE  
RAMON  
Alcalde-Presidente  
23/12/2019 11:35

PASTOR NOVO, PILAR MARÍA  
Secretaria Xeral  
20/12/2019 13:04